



FUNDACIÓN  
DEPORTE  
GALEGO

---

---

**BASES DA CONVOCATORIA  
DE AXUDAS A  
DEPORTISTAS GALEGOS/AS  
DE ALTO NIVEL**

**“AXUDAS DGAN 2020”**

**CÓDIGO DE PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO  
PR961A**

---

---

## INDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. OBXECTO.....	3
3. PERSOAS BENEFICIARIAS.....	4
4. FINANCIAMENTO ORZAMENTARIO.....	4
5. SOLICITUDES.....	5
6. INSTRUCIÓN E TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO.....	9
7. PAGAMENTO.....	16
8. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.....	17
9. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO.....	17
RÉXIME XURÍDICO.....	18

## 1. INTRODUCCIÓN.

---

A Fundación Deporte Galego é unha fundación do sector público coa condición de medio propio e instrumental da Secretaría Xeral para o Deporte, asumindo como finalidade fundacional a promoción do deporte en Galicia e, de conformidade cos seus estatutos ten encomendada, entre outras funcións, o fomento do deporte de alta competición en Galicia mediante, entre outras fórmulas, a realización de patrocinios, outorgamento de becas e concesión de axudas.

A convocatoria destas axudas pretende axudar á preparación e participación dos/as deportistas DGAN en competicións de modalidades/especialidades olímpicas e non olímpicas de ámbitos estatal, europeo e/ou mundial.

Tendo en conta que ao longo deste ano 2020 tiveron que cancelarse e aprazarse ata o vindeiro ano 2021 os Xogos Olímpicos/Paralímpicos de Tokyo 2020 por mor da incidencia internacional do Covid-19, a Fundación Deporte Galego está a desenvolver esta convocatoria de axudas que vén concedendo no seu obxecto de promoción do deporte de alto nivel da Comunidade Autónoma, ás persoas deportistas galegas que están a competir no máis alto nivel deportivo de ámbito estatal, europeo e mundial, entre as que se atopan aquelas con opcións de acudir aos devanditos XXOO/XXPP. Tamén está orientada ao resto de persoas deportistas galegas de alto nivel (DGAN) que, pese a non competir en probas olímpicas, sí participan tamén en competicións estatais e internacionais de alto nivel.

Como novidade desta edición e de cara a potenciar unha vez máis a colaboración con deportistas DGAN que compiten en modalidades/especialidades deportivas paralímpicas e de deporte adaptado, podemos destacar a instauración por primeira vez dunha nova liña de axudas a *deportistas de apoio/deportistas guía (D.A.)*, naquelas modalidades/especialidades paralímpicas e deporte adaptado onde é necesaria a participación do deportista guía/apoio na propia competición.

A presente convocatoria non é substitutiva doutras convocatorias que poida publicar a Secretaría Xeral para o Deporte.

## 2. OBXECTO.

---

Esta convocatoria ten por obxecto establecer as bases reguladoras da concesión de axudas destinadas a apoiar aos/ás deportistas galegos/as que tiveran o recoñecemento pola Secretaría Xeral para o Deporte coma Deportistas Galegos/as de Alto Nivel (DGAN) nalgún momento dos anos 2019 e 2020.

Valoraranse unicamente os resultados acadados entre o 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2019, de acordo aos requisitos do apartado 6 destas bases, en competicións de modalidades/especialidades olímpicas e non olímpicas de ámbitos estatal, europeo e/ou mundial das súas respectivas especialidades e probas deportivas.

**Co fin de facilitar a identificación dos formularios de inicio na sede electrónica da Xunta de Galicia, habilítase un enlace na Guía de procedementos e servizos co código PR961A.**

### **3. PERSOAS BENEFICIARIAS.**

---

Poderán ser persoas beneficiarias desta convocatoria os/as deportistas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar recoñecido/a pola Secretaría Xeral para o Deporte, como Deportista Galego/a de Alto Nivel nos anos 2019 ou 2020. A única excepción que se terá en conta neste requisito será a de persoas deportistas solicitantes que acrediten a condición de “deportista de apoio/deportista guía” de alguna persoa deportista practicante de modalidades/especialidades paralímpicas ou deporte adaptado que sí acredite o presente requisito, de xeito que sexa necesaria a participación do deportista guía/apoio na propia competición.
- b) Tamén poderán optar a solicitar as axudas reguladas nesta convocatoria as persoas que acaden unha resolución positiva na derradeira convocatoria de recoñecementos de Deportistas Galegos de Alto Nivel de xuño de 2020, sempre e cando esta se produza dentro do prazo de solicitude da presente convocatoria.
- c) Acreditar o nivel deportivo esixido na modalidade/especialidade practicada conforme o apartado 6.3.1. ou acadar a puntuación necesaria na aplicación do baremo establecido no punto 6.3.2. destas bases, no caso de que se lle aplique.
- d) Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.

Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria as persoas solicitantes nas que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **4. FINANCIAMENTO ORZAMENTARIO.**

---

As axudas concedidas de conformidade coas presentes bases serán imputadas ao orzamento do ano 2020 da Fundación Deporte Galego con cargo á partida “1. Axudas Monetarias” por un importe de 250.000 euros.

Sen prexuízo do anterior, en virtude dun incremento dos fondos asignados a este fin, a Fundación, se o considera oportuno, poderá acordar a ampliación do importe máximo do crédito dispoñible para esta liña de axudas. En todo caso, dita ampliación quedará condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito necesario por parte da Fundación. A resolución de ampliación do crédito dispoñible publicarase

nos mesmos medios que a convocatoria e, en ningún caso, conlevará a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

## 5. SOLICITUDES

---

### 5.1. Forma e lugar de presentación de solicitudes.

As persoas deportistas solicitantes interesadas presentarán a solicitude (**Anexo I**) preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Para a presentación das solicitudes de forma electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en formato papel orixinal no **Rexistro da Fundación Deporte Galego** (R/ Madrid, 2-4, 2º (Fontiñas) – 15781 Santiago de Compostela), cuxo horario de rexistro aos efectos de presentación das solicitudes referidas ás presentes bases será de 9:00 a 14:00 horas.

Tamén poderá presentarse a solicitude en calquera dos lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de efectuar a presentación da solicitude nun rexistro oficial diferente ao propio da Fundación Deporte Galego, as persoas deportistas solicitantes veranse obrigadas a comunicalo no mesmo día por correo electrónico ao enderezo da Fundación ([fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal](mailto:fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal)), remitindo anexa a propia solicitude e a xustificación de presentación ou imposición, no que deberá figurar a correspondente data. O incumprimento do disposto no presente parágrafo implicará que, para todos os efectos, a Fundación considerará presentada a solicitude na data en que sexa efectivamente recibida no Rexistro da Fundación Deporte Galega.

### 5.2. Documentación complementaria

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- **Anexo II. Autorización de representación.** Unicamente nos casos nos que a persoa solicitante outorgue facultades de representación a outra persoa inicialmente allea á solicitude.
- **Documento acreditativo da patria potestade ou tutela** (copia do libro de familia ou calquera outro documento que o acredite). Unicamente no caso de persoas solicitantes menores de idade e xunto co anterior Anexo II. Autorización de representación.

A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán presentar a documentación

complementaria presencialmente nos lugares indicados no apartado 5.1 das bases. No caso de presentación nun rexistro oficial diferente ao propio da Fundación Deporte Galego, as persoas deportistas solicitantes veranse obrigadas a comunicalo no mesmo día por correo electrónico ao enderezo da Fundación (fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal), remitindo anexa a propia documentación e a xustificación de presentación ou imposición, no que deberá figurar a correspondente data. O incumprimento da condición anterior implicará que, para todos os efectos, a Fundación considerará presentada a solicitude na data en que sexa efectivamente recibida no Rexistro da Fundación Deporte Galego.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código **PR961A** e o órgano responsable do procedemento (FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO), o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del. A presentación separada, da documentación complementaria, de ser o caso, efectuarase preferentemente por vía electrónica.

### **5.3. Comprobación de datos.**

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- DNI/NIE da persoa solicitante.
- DNI/NIE da persoa representante.
- Certificación positiva expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social correspondente, acreditativa de que a persoa solicitante se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.
- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) que acredita que a persoa solicitante se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
- Certificación positiva expedida polo órgano competente da Consellería de Facenda (Xunta de Galicia) na que se teña constancia que non ten débedas pendentes de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### 5.4. Compatibilidade con outras axudas

Estas axudas serán compatibles con premios ou axudas económicas recibidas durante o ano 2020 procedentes de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, galegos, estatais e/ou da Unión Europea ou de organismos internacionais -sen prexuízo da obriga de comunicar ao órgano concedente a súa obtención-, e incompatibles no caso de premios ou axudas económicas para deportistas concedidas por outras Comunidades Autónomas durante o ano 2020.

Será obrigatorio declarar as axudas solicitadas e/ou concedidas para o mesmo fin, segundo o propio **Anexo I** de solicitude.

#### 5.5. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de **10 días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Se o último día de prazo fora inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. Se no mes de vencemento non houber día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

O horario de rexistro aos efectos de presentación presencial das solicitudes referidas ás presentes bases será de 9:00 a 14:00 h.

A presentación das proposicións por unha vía diferente ás sinaladas será causa de rexeitamento ou exclusión.

#### 5.6. Corrección de solicitudes

Unha vez revisada a documentación, publicarase a lista das solicitudes admitidas e daquelas que conteñan erros ou deficiencias na páxina web deporte.xunta.gal, dispoñendo a partires dese momento de **10 días hábiles** para que sexan corrixidas, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, logo dunha resolución expresa por parte da Fundación na que así se declare a desistencia.

#### 5.7. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.



No caso de optar pola notificación en papel practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### **5.8. Trámites posteriores á presentación de solicitudes**

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite as persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada. Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente na forma e nos lugares indicados no apartado 5.1 das bases.

### **5.9. Transparencia e bo goberno**

Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

## **6. INSTRUCIÓN E TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO.**

---

### **6.1. Órgano de instrución.**



O Director-Xerente da Fundación Deporte Galego será o órgano instrutor do procedemento, responsable da tramitación do mesmo.

Serán funcións do órgano instrutor:

- Revisar a documentación a presentar polos/as deportistas coa solicitude de axuda e publicar a corrección de solicitudes, se é o caso.
- Realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.
- Elevar a proposta de resolución das axudas ao Padroado da Fundación Deporte Galego, para a resolución definitiva.

**O órgano instrutor poderá utilizar e solicitar canta documentación considere precisa para unha mellor valoración e comprobación do proxecto.**

## 6.2. Tipos de axudas, criterios de valoración e regras comúns a todas elas.

Establécense os seguintes tipos de axudas:

TIPO DE AXUDA	IMPORTE MÁXIMO	DIRIXIDA A
<b>Axuda DGAN 1</b>	Ata 8.000 €	Deportistas galegos/as que cumpran cos criterios do apartado 6.3.a.
<b>Axuda DGAN 2</b>	Ata 6.000 €	
<b>Axuda DGAN 3</b>	Ata 4.000 €	
<b>Axuda DGAN 4</b>	Ata 1.500 €	
<b>Axuda DGAN 5</b>	Ata 800 €	
<b>Axuda DGAN 6</b>	Ata 1.000 €	Deportistas galegos/as que non cumpran cos criterios do apartado 6.3.a. e sí cumpran cos criterios do apartado 6.3.b.
<b>Axuda D.A. (Deportista de Apoio/Guí)</b>	50% da axuda DGAN	Deportistas galegos/as que acrediten competir como deportistas de apoio ou guía de deportistas DGAN paralímpicos/as ou de deporte adaptado

As axudas axustarase ás seguintes regras:

- A suma total de axudas concedidas non poderá superar o orzamento máximo previsto no punto 4 destas bases.
- Concederase unha única axuda por deportista solicitante. A única excepción a esta regra será o caso de persoas solicitantes DGAN que acrediten resultados como deportistas DGAN e conxuntamente como deportistas de apoio/guí de outras persoas deportistas DGAN que practiquen modalidades/especialidades paralímpicas ou de deporte adaptado, en cuxo caso recibirán ambas axudas.
- O importe destas axudas calcularase en función da aplicación do baremo previsto no apartado 6.3.
- Dentro de cada un dos tipos de **AXUDA DGAN 1, AXUDA DGAN 2, AXUDA DGAN 3, AXUDA DGAN 4 e AXUDAS DGAN 5**, todas as persoas

beneficiarias percibirán a mesma cantidade económica. **No caso das AXUDAS D.A., a persoa deportista solicitante percibirá o 50% da AXUDA DGAN que lle correspondería en base á valoración dos seus resultados cos baremos dos apartados 6.3.1. e 6.3.2.**

- Para ser persoa beneficiaria das **AXUDAS DGAN 6**, será necesario acadar **como mínimo 35 puntos** na valoración de resultados, segundo o subapartado 2. do punto 6.3.2. (participación e resultados en competicións no ano 2019).
- A todas as axudas se lles aplicarán as retencións legalmente vixentes en base á normativa do Imposto da Renda das Persoas Físicas.

### 6.3. Procedemento de concesión

As axudas concederanse en réxime de concorrencia non competitiva. En consecuencia, non será necesario a comparación e prelación das solicitudes presentadas, atendéndose unicamente ao cumprimento efectivo dos requisitos esixidos para obter a condición de beneficiaria e á subsistencia de crédito na data de presentación da solicitude.

Unha vez rematado o prazo de solicitudes e comprobadas as que cumpren con todos os requisitos administrativos detallados nestas bases, o Órgano Instrutor solicitará unhas certificacións de resultados de cada persoa deportista solicitante, ás respectivas federacións deportivas galegas nas que declaran estar rexistradas.

Recibidas as certificacións de resultados, aplicaranse a todas os seguintes baremos, na mesma orde que se detallan a continuación, en función da información reflectida por cada federación en dita certificación:

#### **6.3.1. BAREMO AXUDAS DGAN 1, DGAN 2, DGAN 3, DGAN 4 e DGAN 5.**

Cando se certifiquen varios resultados deportivos só se terá en conta finalmente un único resultado, que será valorado como o mellor acadado de todas as categorías e campionatos acreditados, e que permitirá resolver a axuda co importe máis elevado das posibles a valorar. Para elo, terase en conta o seguinte cadro:

TIPO DE AXUDA	IMPORTE MÁXIMO	DIRIXIDA A DEPORTISTAS DGAN QUE COMPETIRAN NAS ESPECIALIDADES/PROBAS SEGUINTE:		
		PROBA OLÍMPICA PROBA PARALÍMPICA PROBA DE ESPECIALIDADE PRINCIPAL DE FEDERACIÓN DE MODALIDADE NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA <i>(Probas incluídas nos Niveis 1, 2, 3 e 4 do Decreto 6/2004)</i>	PROBA DE ESPECIALIDADE NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA ADSCRITA A FEDERACIÓN DE MODALIDADE OLÍMPICA/PARALÍMPICA PROBA DE ESPECIALIDADE NON PRINCIPAL DE FEDERACIÓN DE MODALIDADE NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA <i>(Probas incluídas no Nivel 3 e 4 do Decreto 6/2004)</i>	PROBA NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA DE ESPECIALIDADE OLÍMPICA/PARALÍMPICA PROBA NON PARALÍMPICA DE DEPORTE PARA DEPORTISTAS CON ALGUNHA DISCAPACIDADE <i>(Probas incluídas nos Niveis 2 e 4 do Decreto 6/2004)</i>
Axuda DGAN 1	8.000 €	<b>Categoría Absoluta:</b> 1º no CM	-	-
Axuda DGAN 2	6.000 €	<b>Categoría Absoluta:</b> 2º ou 3º no CM ou 1º no CEu <b>Categorías Previa Absoluta e Intermedia:</b> 1º no CM	-	-
Axuda DGAN 3	4.000 €	<b>Categoría absoluta:</b> De 4º a 8º no CM, ou 2º ou 3º no CEu. <b>Categorías Previa Absoluta e Intermedia:</b> 2º ou 3º no CM ou 1º no CEu.	-	-
Axuda DGAN 4	1.500 €	<b>Categoría Absoluta:</b> Participación no CM, ou de 4º a 8º no CEu, ou 1º no CEsp <b>Categorías Previa Absoluta e Intermedia:</b> 4º a 8º no CM, ou 2º ou 3º no CEu	<b>Categoría Absoluta:</b> De 1º a 3º no CM ou 1º no CEu.	<b>Categoría Absoluta:</b> 1º no CM.
Axuda DGAN 5	800 €	<b>Categoría Absoluta:</b> Participación no CEu. <b>Categorías Previa Absoluta e Intermedia:</b> Participación no Cto Mundo, 4º a 8º no CEu ou 1º no Cto Esp.	<b>Categoría Absoluta:</b> De 4º a 8º no CM ou 2º e 3º no CEu. <b>Categorías Previa Absoluta e Intermedia:</b> De 1º a 3º no CM ou 1º no CEu.	<b>Categoría Absoluta:</b> 2º e 3º no CM ou 1º no CEu. <b>Categorías Previa Absoluta e Intermedia:</b> 1º no CM
Axuda D.A	50% da Axuda DGAN	Os mesmos resultados das Axudas DGAN 1, 2, 3, 4, 5 ou 6	-	Os mesmos resultados das Axudas DGAN 1, 2, 3, 4, 5 ou 6

TIPO DE AXUDA	IMPORTE MÁXIMO	DIRIXIDA A DEPORTISTAS DGAN QUE COMPETIRAN NAS ESPECIALIDADES/PROBAS SEGUINTE:		
		PROBA OLÍMPICA PROBA PARALÍMPICA PROBA DE ESPECIALIDADE PRINCIPAL DE FEDERACIÓN DE MODALIDADE NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA <i>(Probas incluídas nos Niveis 1, 2, 3 e 4 do Decreto 6/2004)</i>	PROBA DE ESPECIALIDADE NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA ADSCRITA A FEDERACIÓN DE MODALIDADE OLÍMPICA/PARALÍMPICA PROBA DE ESPECIALIDADE NON PRINCIPAL DE FEDERACIÓN DE MODALIDADE NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA <i>(Probas incluídas no Nivel 3 e 4 do Decreto 6/2004)</i>	PROBA NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA DE ESPECIALIDADE OLÍMPICA/PARALÍMPICA PROBA NON PARALÍMPICA DE DEPORTE PARA DEPORTISTAS CON ALGUNHA DISCAPACIDADE <i>(Probas incluídas nos Niveis 2 e 4 do Decreto 6/2004)</i>

**Consideracións:**

- Categoría Absoluta:** é a categoría de idade na que se desenvolva a competición deportiva de máis alto nivel da modalidade deportiva, sendo, xeralmente, aquela na que os deportistas cumpren 19 anos no seu primeiro ano natural na categoría. Non se inclúen aquí categorías posteriores tipo “veteráns” ou “grupos de idade”.
- Categoría Previa á Absoluta:** é aquela categoría de idade na que participan deportistas que, xeralmente, cumplan 17 ou 18 anos ao longo do ano natural no que se celebran os campionatos.
- Categoría Intermedia:** é categoría oficialmente recoñecida de cada deporte na que participen deportistas que deixan a categoría Previa Absoluta e que estean nos primeiros anos da categoría Absoluta. O órgano instrutor poderá considerar unha única categoría intermedia por modalidade.
- Axuda D.A.:** Tipo de axuda orientada unicamente a deportistas solicitantes de axuda que acrediten competir de forma necesaria como *deportistas de apoio/deportistas guía* de outras persoas deportistas DGAN que compitan en modalidades/especialidades paralímpicas ou de deporte adaptado. Os resultados serán valorados de acordo cos mesmo baremos que os resultados dos/as deportistas DGAN a quenes acompañan, segundo os apartados 6.3.1. e 6.3.2. destas bases.
- CM:** Campionato do Mundo **CEu:** Campionato de Europa. **CEsp:** Campionato de España. Poderanse valorar as Copas de España/Europa/Mundo, cando estas competicións estean conformadas por varias probas e cunha clasificación final. En ningún caso se valorará ser campión dunha única proba, senón que solo poderá ser valorado o feito de ter sido campión da clasificación final.
- Mínimo de participación por proba:** Cto. de Europa: 15 participantes e 8 países; Cto. do Mundo: 25 participantes e 15 países. Poderase eximir deste requisito aos resultados acadados en probas femininas e en probas paralímpicas masculinas ou femininas, por contar normalmente cunha menor participación. Poderase eximir tamén deste requisito a aqueles deportistas que, en máis de 2 campionatos, obtiveran posicións que cumplan o criterio deportivo, pero non o número mínimo de participantes. Nos deportes nos que exista unha fase previa de clasificación para o campionato, tamén se computarán os participantes en dita fase.
- Considéranse como **Probas olímpicas/paralímpicas** aquelas incluídas no programa dos XXOO/XXPP do ano 2021.

TIPO DE AXUDA	IMPORTE MÁXIMO	DIRIXIDA A DEPORTISTAS DGAN QUE COMPETIRAN NAS ESPECIALIDADES/PROBAS SEGUINTE:		
		PROBA OLÍMPICA PROBA PARALÍMPICA PROBA DE ESPECIALIDADE PRINCIPAL DE FEDERACIÓN DE MODALIDADE NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA <i>(Probas incluídas nos Niveis 1, 2, 3 e 4 do Decreto 6/2004)</i>	PROBA DE ESPECIALIDADE NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA ADSCRITA A FEDERACIÓN DE MODALIDADE OLÍMPICA/PARALÍMPICA PROBA DE ESPECIALIDADE NON PRINCIPAL DE FEDERACIÓN DE MODALIDADE NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA <i>(Probas incluídas no Nivel 3 e 4 do Decreto 6/2004)</i>	PROBA NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA DE ESPECIALIDADE OLÍMPICA/PARALÍMPICA PROBA NON PARALÍMPICA DE DEPORTE PARA DEPORTISTAS CON ALGUNHA DISCAPACIDADE <i>(Probas incluídas nos Niveis 2 e 4 do Decreto 6/2004)</i>
<p>8. Nos <b>deportes colectivos</b> será necesario formar parte da aliñación nalgún partido oficial do campionato obxecto de valoración.</p> <p>9. Poderase valorar a clasificación final obtida en <b>ránkings, circuitos ou ligas mundiais, europeas ou estatais</b> naquelas modalidades deportivas nas que así se desenvolvan as súas competicións estatais ou internacionais máis relevantes.</p> <p>10. Nos CM, CEu e CEsp, non se valorarán os resultados obtidos en <b>probas de equipo</b> naquelas especialidades nas que sexa posible participar nunha proba individual similar, atendendo a criterios relacionados co modo de execución da acción técnica, así coma cos requirimentos condicionais e fisiolóxicos da proba.</p> <p>11. Valorarase un único Campionato de España por modalidade e categoría, en concreto, aquel que teña un maior nivel deportivo.</p>				

### 6.3.2. **BAREMO AXUDAS DGAN 6. Ata 100 puntos.**

Segundo a orde de aplicación de baremos que estamos a detallar, no caso das solicitudes que non acaden unha valoración que lles posibilite resolver de forma directa unha das AXUDAS GALICIA-TOKYO ou AXUDA DGAN 1, 2, 3, 4, 5 estas serán valoradas sumando puntos (ata un máximo de 100 puntos), segundo os resultados acreditados, en base ao seguinte procedemento:

1. **Ter licenza nun club galego: 10 puntos.**
2. **Participación e resultados en competicións no ano 2019: ata 90 ptos.** Valórase o mellor resultado en 2019 por categoría e ámbito da competición (Cto/Copa do Mundo, Cto/Copa de Europa, outras competicións internacionais ou Cto/Copa de España), ata sumar un máximo de **90 puntos**, con independencia do tipo de proba ou especialidade deportiva. **Para poder ser persoa beneficiaria desta axuda, será necesario obter un mínimo de 35 puntos neste subapartado 2.**

	Categoría Previa á Absoluta			Categoría Absoluta		
	Categoría Intermedia					
Ámbito da competición	Participación	Do 8º ao 4º	Do 1º ao 3º	Participación	Do 8º ao 4º	Do 1º ao 3º
<b>Cto/Copa do Mundo</b>	10 pts	20 pts	30 pts	20 pts	30 pts	40 pts
<b>Cto/Copa de Europa</b>	5 pts	10 pts	20 pts	10 pts	20 pts	30 pts
<b>Outras competicións internacionais</b>	2 pts	5 pts	10 pts	5 pts	10 pts	20 pts
<b>Cto/Copa de España</b>	0 pts	2 pts	5 pts	2 pts	5 pts	10 pts

**Consideracións:**

1. **Categoría Absoluta:** é a categoría de idade na que se desenvolva a competición deportiva de máis alto nivel da modalidade deportiva, sendo, xeralmente, aquela na que os deportistas cumpren 19 anos no seu primeiro ano natural na categoría. Non se inclúen aquí categorías posteriores tipo “veteráns” ou “grupos de idade”.
2. **Categoría Previa á Absoluta:** é aquela categoría de idade na que participan deportistas que, xeralmente, cumplan 17 ou 18 anos ao longo do ano natural no que se celebran os campionatos.
3. **Categoría Intermedia:** é a categoría oficialmente recoñecida de cada deporte na que participen deportistas que deixan a categoría Previa Absoluta e que estean nos primeiros anos da categoría Absoluta. A Comisión poderá considerar unha única categoría intermedia por modalidade.
4. **Cto/Copa de España:** Serán valoradas as competicións do máis alto nivel deportivo no estado español, normalmente Campionatos de España da modalidade/especialidade, que outorguen a designación oficial de campións/as de España. As Copas de España serán valoradas cando se acredite que o nivel da competición é igual ou superior ao Cto de España, atendendo en todo momento á igualdade dos criterios relacionados co modo de execución da acción técnica, así coma cos requirimentos condicionais e fisiolóxicos da proba.
5. **Outras competicións internacionais:** Serán valoradas as competicións de carácter internacional que se ben non son as que designan de forma oficial aos campións/as de Europa/Mundo da modalidade/especialidade, sí están incluídas no calendario internacional como probas de alto nivel deportivo europeo ou mundial, tendo a consideración e recoñecemento internacionais acreditados.
6. **Cto/Copa de Europa:** Serán valoradas as competicións do máis alto nivel deportivo no continente europeo, normalmente Campionatos de Europa da modalidade/especialidade, que outorguen a designación oficial de campións/as de Europa. Tamén poderán ser valorados os resultados acadados en probas illadas das Copas de Europa.
7. **Cto/Copa do Mundo:** Serán valoradas as competicións do máis alto nivel deportivo en todo o



mundo, normalmente Campionatos do Mundo da modalidade/especialidade, que outorguen a designación oficial de campións/as do Mundo. Tamén poderán ser valorados os resultados acadados en probas illadas das Copas do Mundo.

8. **Ctos/Copas de España/Europa/Mundo POR EQUIPOS:** Terán o mesmo rango de valoración de resultados individuais aquelas competicións disputadas por equipos cando sexan organizadas polas federacións deportivas oficiais respectivas e se acceda a estas por clasificación. No caso de que a forma de participación sexa mediante o sistema OPEN, os resultados internacionais acreditados serán valorados no apartado Outras Competicións Internacionais, e os resultados en España non serán valorados. Todos os membros do equipo serán valorados do mesmo xeito dentro da categoría na que se acredite o resultado como equipo.

### **PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN**

1. Inicialmente asignaranse as axudas DGAN 1 en base ao baremo 6.3.1. No caso de que o crédito dispoñible fora insuficiente para poder outorgar o importe íntegro das axudas DGAN 1, procederáse a un prorrateo proporcional entre os importes iniciais ata cubrir o crédito dispoñible, non sendo posible conceder axudas DGAN 2, 3, 4, 5 e 6.
2. Seguidamente, asignaranse as axudas DGAN 2 tamén en base ao mesmo baremo 6.3.1., e procederáse a confirmar os importes do mesmo xeito que coas Axudas DGAN 1 detallado no apartado anterior. No caso de que o crédito dispoñible trala confirmación dos importes das axudas DGAN 1, fora insuficiente para poder outorgar o importe íntegro das axudas DGAN 2, procederáse a un prorrateo entre os importes iniciais ata cubrir o crédito dispoñible, non sendo posible conceder axudas DGAN 3, 4, 5 e 6.
3. Se existe crédito trala asignación dos importes íntegros das Axudas DGAN 1 e 2, resolveranse as Axudas DGAN 3 co mesmo procedemento utilizado anteriormente. No caso de que o crédito dispoñible trala confirmación dos importes das Axudas DGAN 2 fora insuficiente para poder outorgar o importe íntegro das Axudas DGAN 3, procederáse a un prorrateo entre os importes iniciais ata cubrir o crédito dispoñible, non sendo posible conceder Axudas DGAN 4, 5 e 6.
4. Se segue existindo crédito trala asignación dos importes íntegros das Axudas DGAN 1, 2 e 3, resolveranse as Axudas DGAN 4, seguindo o mesmo procedemento detallado con anterioridade. No caso de que o crédito para asignar as Axudas DGAN 4 non fora suficiente para outorgar o importe íntegro, procederáse a realizar un prorrateo entre os importes iniciais ata cubrir o crédito dispoñible, non sendo posible conceder axudas DGAN 5 e 6.
5. Seguiranse asignando os importes con este mesmo procedemento para as Axudas DGAN 5, sempre e cando o crédito sexa suficiente.
6. Se unha vez resoltos estes primeiros cinco tipos de axudas, e se o crédito segue a ser suficiente, pasaremos a resolver as Axudas DGAN 6 e as AXUDAS D.A., repartindo proporcionalmente os puntos cos seus importes resultantes de acordo ao baremo 6.3.2. No caso de que o crédito dispoñible trala confirmación dos importes dos anteriores cinco tipos de axudas fora insuficiente para poder outorgar o importe íntegro das axudas DGAN 6, procederáse a un prorrateo entre os importes iniciais resultantes ata cubrir o crédito dispoñible.



#### 6.4. Resolución de adjudicación

Presentada a solicitude o órgano instrutor procederá a comprobar que se reúnen as condicións esixidas para obter a condición de beneficiaria das liñas de axudas. De ser o caso, o órgano instrutor elevará a proposta de resolución ao Padroado da Fundación Deporte Galego para que este resolva.

A resolución de concesión finalizará en calquera caso, o 31 de decembro de 2020, nos termos indicados no apartado 5.1 das bases. O vencemento do citado prazo sen que se notifique a resolución expresa, lexítima ao interesado para entender desestimada a súa solicitude.

As listaxes das axudas concedidas publicaranse na páxina web **deporte.xunta.gal**.

#### 6.5. Aceptación da resolución

Publicadas as correspondentes resolucións, as persoas beneficiarias disporán dun prazo de **10 días hábiles** para a súa aceptación ou para presentar a súa renuncia, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

No caso de que as axudas outorgadas non sexan aceptadas polas persoas beneficiarias ou que posteriormente á súa concesión se renuncie a elas, así como nos supostos do seu reintegro, non se alterará a distribución inicial do crédito entre todas as solicitudes, aínda que se aplicase a regra do prorrateo.

#### 6.6. Reclamacións

Contra as resolucións da concesión de axudas poderán interperse reclamacións perante o órgano de adjudicación, no prazo máximo de **10 días hábiles** a contar desde a publicación das listas de persoas beneficiarias das axudas na páxina web [deporte.xunta.gal](http://deporte.xunta.gal), e na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, con carácter previo á vía xudicial. O prazo para resolver as reclamacións será de dous meses.

### 7. PAGAMENTO

---

Unha vez que o Padroado da Fundación efectúe a resolución procederase ao pagamento da axuda aos/ás beneficiarios/as por transferencia bancaria.

Para o pagamento da axuda concedida, as persoas beneficiarias das axudas deberán ter acreditado ou deberá terse consultado, tal e como se detalla no punto 5.3. das bases, estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Seguridade Social e a Xunta de Galicia (Consellería de Facenda). Non será necesario comprobalo ou acreditalo de novo se a comprobación realizada ou os certificados presentados coa solicitude están en todavía vigor no momento de proceder ao pagamento.

## **8. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS**

---

As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular, durante o presente exercicio e o seguinte:

- Aceptar e cumprir todas as estipulacións establecidas nas bases desta convocatoria.
- Comunicar calquera eventualidade significativa no proxecto deportivo.
- Someterse ás actuacións de comprobación que, no seu caso, puidera efectuar a Fundación Deporte Galego, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto galegos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións correspondentes.
- Comunicarlle á Fundación Deporte Galego a obtención doutras axudas para o mesmo fin.
- Acreditar con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Xunta de Galicia, na forma que se determina no punto 5.3. destas bases.
- Participar nas actividades de difusión coa fin de demostrar o grao de aproveitamento destas axudas, así como nas actividades de promoción do deporte que poida programar a Secretaría Xeral para o Deporte, a Fundación Deporte Galego e/ou os seus patrocinadores e/ou entes colaboradores.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no apartado 9 destas bases.

## **9. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO.**

---

### **9.1. Modificación da resolución**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

### **9.2. Revogación e reintegro.**

A Fundación poderá proceder, tras o apercibimento previo ás persoas beneficiarias, á revogación e/ou esixencia do reintegro da axuda, así como dos xuros de demora correspondente, nos supostos de:

- Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.
- Incumprimento das obrigas como persoa beneficiaria establecidas nestas bases.

- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro mencionadas no apartado 8 destas bases que se puideran acometer, no seu caso, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos.
- Calquera incumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de loita anti-dopaxe, en materia de loita contra a violencia no deporte e en materia de protección integral contra a violencia de xénero.

## **RÉXIME XURÍDICO**

---

As presentes bases rexeranse polo dereito privado, séndolle aplicable o artigo 120 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do Sector Público de Galicia, os principios de xestión contidos no artigo 5.2. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e os de información aos que fai referencia o artigo 16 do mesmo texto legal, así como os artigos do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que desenvolven ditos principios de xestión e publicidade.